



Concello de Xinzo de Limia

B A N D O

A **Corporación de Xinzo de Limia**, consciente da preocupación dos veciños e veciñas pola situación sanitaria do concello, aprobou no último pleno unha moción coa que se pretende que se faga xustiza sanitaria coa vila e a súa comarca, envellecida e eminentemente rural. En dita moción propóñense unha serie de medidas e demandas que abarcan dende o incremento de máis especialistas ata a ampliación do propio Centro de Saúde.

Nas últimas semanas mantiven diferentes reunións cos responsables sanitarios do Centro de Saúde, primeiro para coñecer de primeira man as carencias e deficiencias que detectan a diario, pero tamén para reportarlle, froito desas reunións, as demandas incluídas na moción. Á falta de persoal, súmase a antigüidade do propio Centro de Saúde e a falta de espazo, dúas circunstancias que están a empeorar de forma manifesta a atención sanitaria e cuxas consecuencias pagan directamente os veciños e veciñas.

Por todo isto, cos votos de todos os membros da Corporación municipal, aprobamos os seguintes acordos, que agora quero trasladar tamén a cidadanía para que esta loita que emprendemos sexa tamén a de toda a veciñanza, que e quen sofre en primeira persoa as consecuencias da precaria situación dos profesionais sanitarios e das propias instalación do Centro de Saúde.

1. Instar á Xunta de Galicia a mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do Sergas que son contratados de maneira discontinua, procurando estabilizar ao maior número posible e cubrindo as ausencias para non sobrecargar os cupos dos sanitarios asignados ao Centro de Saúde de Xinzo de Limia.

2. Instar á Xunta de Galicia a facer unha reformulación real da Atención Primaria coa incorporación progresiva dun maior número de profesionais de especialidades, a maiores do eixo médico/a-enfermeiro/a, incluíndo a posibilidade de incorporar máis especialidades para atender a poboación envellecida do rural, como é o caso de Xinzo de Limia.

3.-Instar á Xunta de Galicia a repoñer a praza de enfermeira de pediatría unha por médico/a, como xa existía para atender a poboación infantil axeitadamente e contribuír a fixar poboación no noso concello.

4. Instar á Xunta de Galicia a reforma e ampliación do Centro de Saúde de Xinzo dotando das melloras necesarias acordadas coas necesidades dos servizos que presta e da poboación envellecida á que atende.

6. Instar á Xunta de Galicia a ampliar a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de Atención Primaria de Xinzo de Limia, desconxestionando as especialidades do CHUO.

A Alcaldesa.- Elvira Lama Fernández

